APARTADO 586 SANTIAGO Tfno/Fax 981.56.25.77 www.novaescolagalega.org neg@iaga.com

Comunicado de Prensa

"Despois de 13 anos perdidos, outra política lingüística é posíbel"

APOIO DO MOVEMENTO DE RENOVACIÓN PEDAGÓXICA *NOVA ESCOLA GALEGA* Á MANIFESTACIÓN DO 17 DE MAIO

Nova Escola Galega, movemento de renovación pedagóxica que contempla entre os seus obxectivos fundacionais a necesidade de *impulsar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galicia*, quere transmitir á opinión pública o seu apoio explícito á manifestación que, baixo o lema *Despois de 13 anos perdidos, outra política lingüística é posíbel*, convocan para o sábado, 17 de maio, ás 12 h., na Alameda de Santiago, diferentes organizacións sociais.

Entende *Nova Escola Galega*, en efecto, que, despois de dúas décadas do chamado proceso de *normalización* e, nomeadamente, despois de trece anos –os últimos- de posta en marcha dunha monocorde política normalizadora por parte da organización política gobernante, a situación do idioma é en todo punto alarmante, sobre todo naquilo que fai referencia á súa transmisión xeración a xeración e ao seu emprego en certos campos sociais.

As causas desta situación crítica deben ser buscadas, con seguridade, na ausencia dun amplo consenso social sobre o proceso normalizador, un consenso que só será posible cando o grupo que dispón dos recursos para lideralo manifeste a capacidade –e a vontade- de conseguilo. Afortunadamente, existen xa no país experiencias que demostran que un amplo acordo social é posible neste tema, sendo este o caso, por exemplo, do camiño liderado polo Concello de Santiago para a elaboración do seu Plano de Normalización.

Nova Escola Galega quere lembrar tamén que existe no campo específico do ensino unha proposta normalizadora global presentada por este movemento de renovación pedagóxica baixo o título *Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego,* proposta que, de igual xeito que outras iniciativas sectoriais, foi sistematicamente ignorada pola administración galega. Ao respecto, tamén, *Nova Escola Galega* realizou un chamamento para que o proxecto de elaboración do plano global de normalización que pretende realizar a Xunta de Galicia, sexa desenvolvido coa participación de todos os sectores sociais.

Nova Escola Galega quere transmitir, en consecuencia, a súa *vontade de elaborar unha nova política lingüística, tranquila, consensuada, decidida, vigorosa e transparente. Unha nova política lingüística fundamentada na realidade social da Galiza, partindo para iso dunha diagnose correcta, que teña en conta os dados sociolingüísticos existentes. Unha política que procure verdadeiramente a recuperación do galego e a sua plena normalización,* segundo fai notar o propio Manifesto que será lido ao final da mobilización convocada para o 17 de maio.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2003
NOVA ESCOLA GALEGA, Movemento de Renovación Pedagóxica.
Integrado na Confederación Estatal de Movementos de Renovación Pedagóxica.
Polo Secretariado Nacional: Francisco Veiga García. DI 33.251.405-Y